


# O SELO DE CALIDADE DA

Universidade de Vigo



*Manual de uso*

DEFINICIÓN	3
CONSTRUCCIÓN	4
CARACTERÍSTICAS	5
CONDICIÓNNS DE USO	6
ANEXO: VOCABULARIO	7

# DEFINICIÓN

O selo de calidade é un símbolo propio da Universidade de Vigo que reconece os méritos en calidade en calquera dos seus ámbitos de traballo.

*A Universidade de Vigo, como organización pública que é, está ao servizo da sociedade.*

*Son fins prioritarios da Universidade de Vigo:*

*a) A consecución das máximas cotas de calidade de docencia e investigación.*

Artigo 2º

Estatutos da Universidade de Vigo

O selo constitúe un medio institucional para promocionar e reconecer as **certificacións e acreditacións de calidade** resultado de procesos de avaliación externa realizados por entidades acreditadas ou reconecidas.

# CONSTRUCCIÓN

A letra Q é a inicial do termo « calidade » en latín e noutras moitas linguas da nosa contorna, e asóciase dun xeito doado e tradicional a este.

*Qualitas Qualitat Qualität Quality Qualità Qualidade Qualité*



O símbolo constrúese a partir da combinación do « a » e do « c » que forman parte do símbolo da Área de Apoio á Docencia e Calidade.



A cor, laranxa, está asociada á da Área.

# CARACTERÍSTICAS

O selo de calidade:

- **É institucional** e respecta as características da imaxe corporativa da Universidade de Vigo.
- **Responde** ás funcións dos órganos de goberno relacionadas coa calidade.

*Son funcións do Consello Social as seguintes:*

*b) A contribución á calidade da Universidade e á elevación do seu nivel.*

*Artigo 30º*

*Correspóndenlle ao Consello de Goberno as seguintes funcións:*

*ab) A promoción da constante mellora da calidade da universidade.*

*Artigo 39º*

*Estatutos da Universidade de Vigo*

- **Promove** o traballo no eido da calidade co obxecto de alcanzar unha organización excelente en todas as súas actividades.
- **Harmoniza** a simboloxía sobre certificacións e acreditacións de calidade, sen prexuízo das súas condicións de uso.
- **Identifica** os resultados dos plans, programas ou estándares de calidade nos que se acaden certificacións ou acreditacións de calidade.

*Sistemas de xestión ou garantía de calidade*

*Programas ou modelos de excelencia*

*Acreditacións institucionais*

*Cartas de servizos*

*Análise da demanda e avaliación da satisfacción dos usuarios/as*

*Acreditacións de laboratorios*

...

- **Recoñece** as iniciativas, o labor e os resultados da implantación destes en calquera ámbito da Universidade de Vigo.

*Centros académicos e de investigación (proprios ou adscritos)*

*Titulacións oficiais (grao, mestrado universitario e doutoramento)*

*Servizos e unidades*

*Departamentos*

*Laboratorios*

...

- **Divulga** de xeito aberto e accesible os logros relacionados coa calidade.
- **Contribúe a render contas** dos resultados das actividades que se levan a cabo ou dos obxectivos marcados.

# CONDICIÓN DE USO

O selo de calidade é **outorgado** (ou revogado, no seu caso) pola **Comisión de Calidade da Universidade de Vigo** a proposta da Área de Apoio á Docencia e Calidade.

A Área de Apoio á Docencia e Calidade é responsable de recoller a información necesaria sobre os procesos de certificación e acreditación, co obxecto de transmitir as súas propostas á Comisión de Calidade.

Anualmente, a Comisión de Calidade pode outorgar, por proposta propia ou da Área de Apoio á Docencia e Calidade, unha mención especial do selo de calidade a aqueles ámbitos nos que se considere que as certificacións ou acreditacións acadadas consigan un nivel de excelencia, de acordo cos criterios dos diferentes plans, programas ou estándares de calidade.

O selo de calidade pode utilizarse en toda a documentación ou información pública institucional relacionada cos ámbitos aos que se outorgou.

*Páxinas web institucionais*

*Documentación institucional*

*Soportes ou folletos promocionais*

*Material de papelería e mensaxaría*

...

O símbolo acompañarase, sempre que sexa posible, cunha **breve descripción** en texto que identifique a certificación ou acreditación acadada.

*« Centro certificado FIDES-AUDIT »*

*« Centro certificado ISO 9001 »*

*« Laboratorio acreditado ISO 17025 »*

*« Área con carta de servizos certificada »*

...

O símbolo está deseñado en 2 versións:

- Círculo laranxa e letra en branco, para empregar sobre fondos claros.
- Círculo branco e letra en laranxa, para empregar sobre fondos oscuros



O **período de vixencia** do selo é o que se establece nas especificacións ou normativas do plan, programa ou estándar de calidade co que está relacionado.

# ANEXO: VOCABULARIO

## **Certificación**

É a acción levada a cabo por unha entidade independente das partes interesadas mediante a que se manifesta que unha organización, produto, proceso ou servizo cumpre os requisitos definidos nunhas normas ou especificacións técnicas.

*A certificación permite demostrar a confianza cara a propia organización, os seus usuarios/as ou partes interesadas externas, os empregados/as, as administracións públicas e o entorno social da institución.*

## **Acreditación**

É o medio polo cal se garante que unha entidade posúe competencia técnica para realizar tarefas de certificación, ensaio, calibración ou inspección.

*Acreditación de  
laboratorios de ensaio  
laboratorios de calibración  
entidades de certificación  
...*

Pode obterse máis información complementaria destes termos na norma UNE-EN ISO/IEC 17000 *Avaliación da conformidade. Vocabulario e principios xerais.*

